# Xosé Neira Vilas



nado en Gres, Vila de Cruces, o 3 de novembro de 1928, fillo de labregos, estudou comercio por correspondencia. En 1949 emigrou a Arxentina e entra en contacto con galeguistas como Luís Seoane, Rafael Dieste, Ramón Suárez Picallo, Lorenzo Varela ou Ramón de Valenzuela e en 1953 funda as Mocedades Galeguistas, casa coa escritora Anisia Miranda en 1957 e funda a editorial Follas Novas. En 1961 marcha a Cuba coa súa dona.

Logo de trinta e un anos na illa caribeña, xa xubilados, regresan a Galicia en 1994 para viviren en Gres onde dirixen a Fundación Xosé Neira Vilas e continúan co labor cultural e periodístico.

Xosé Neira Vilas é membro numerario da Real Academia Galega, Doutor Honoris Causa polas Universidades da Coruña e La Habana, Premio da Crítica Española (narrativa) e premio da Crítica Galega (ensaio). Recibiu a medalla Castelao, o Pedrón de Honra, o premio Celanova Casa dos Poetas e o Premio Trasalba (2004), e foi nomeado socio de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega no 1999.

**A súa obra *Memorias dun neno labrego* é o libro máis lido da historia da literatura galega**. Tanto esta coma outras obras posteriores reflicten o mundo rural e a emigración. Entre as novelas que reflicten o mundo rural hai que distinguir entre as de protagonista infantil e adulto.

As de protagonista infantil, forman o chamado "ciclo do neno" e son: *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho*.

Entre as que reflicten o agro galego dende a perspectiva adulta recrean toda a súa crueza: *Xente no rodicio*, *A muller de ferro* e *Querido Tomás*.

Un pouco diferentes, aínda permanecendo un substrato rural, son as obras *Lar*, *Nai* e *Pan*. O mundo da emigración aparece en *Camiño bretemoso*, na colección de contos *Historias de emigrantes*, en *Remuíño de sombras* e en *Tempo novo*.

Neira Vilas escribiu tamén libros para nenos, entre os que destacan *Espantallo amigo*, *O cabaliño de buxo*, *A marela Taravela*, *Contos vellos pra rapaces novos* e *Chegan forasteiros*.

En colaboración coa súa muller, a cubana Anisia Miranda, publicou un libro de de cancións e poemas titulado *Cantarelas e contos prá xente*.

## OBRAS

- *Memorias dun neno labrego*, 1961, Bos Aires.
- *Xente no rodicio*, 1965, Galaxia.
- *Camiño bretemoso*, 1967, Galaxia.
- *Historias de emigrantes*, 1968, Patronato da Cultura Galega de Montevideo.
- *A muller de ferro*, 1969, Galaxia.
- *Remuíño de sombras*, 1972, Editorial Castrelos.
- *Lar*, 1973, Akal.
- *Aqueles anos do Moncho*, 1977, Akal.
- *O ciclo do neno*, 1978, Akal. Inclúe *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho*.
- *Nai*, 1980, Akal.
- *Querido Tomás*, 1980, Edicións do Castro [2]
- *Pan*, 1986, Galaxia.
- *Tempo novo*, 1987, Edicións do Castro.
- *Papeis*, 1992, Castromil.
- *Charamuscas*, 1993, Galaxia. Inclúe *Lar*, *Nai* e *Pan*.
- *Contos de tres mundos*, 1995, Xerais.
- *O home de pau*, 1999, Xerais.
- *Relatos mariñeiros*, 2003, Xerais.
- *A fuxida de Manuel*, 2007, Pío García Edicións.
- *Esperando o leiteiro*, 2012, Galaxia.

**Literatura infanto-xuvenil**

- *O cabaliño de buxo*, 1971, Edicións do Castro.
- *Cartas a Lelo*, 1971, Edicións do Castro.
- *Espantallo amigo*, 1971. 2ª edición en 1987, Edicións do Castro. Traducido ao castelán no 1972 como *Espantajo amigo*, en La Galera, Barcelona, por Basilio Losada.
- *A marela Taravela*, 1976, Celta. 2ª edición en 1989, en Galaxia.
- *Contos vellos pra rapaces novos*, 1983, Edicións do Castro.
- *De cando o Suso foi carteiro*, 1988, Edicións do Castro.
- *Chegan forasteiros*, 1992, Edicións do Castro.

**Poesía**

- *Dende lonxe*, 1960.
- *Inquedo latexar*, 1969, Xistral.
- *Poesía recadada*, 1994, Espiral Maior.
- *Dende Gres*, 2004, Espiral Maior.

**Ensaio**

- *Galegos no Golfo de México*, 1980, Edicións do Castro. Traducido ao castelán no 1983, como *Gallegos en el golfo de México*, Letras Cubanas, La Habana.
- *Encrucilladas*, 1981.
- *Castelao en Cuba*, 1983, Edicións do Castro.
- *A prensa galega en Cuba*, 1985, Edicións do Castro.
- *Índice da revista El Eco de Galicia (A Habana, 1878-1901)*, 1988, Edicións do Castro.
- *Guerrilleiros*, 1991, Edicións do Castro.
- *Na outra banda do mar*, 1992, Editorial Compostela.
- *Rosalía de Castro e Cuba*, 1992, Patronato Rosalía de Castro.
- *Memoria da emigración. I*, 1994, Edicións do Castro.
- *Eduardo Blanco-Amor, dende Buenos Aires*, 1995, Edicións do Castro.
- *A lingua galega en Cuba*, 1995, Consello da Cultura Galega.
- *Memoria da emigración II*, 1995, Edicións do Castro.
- *Memoria da emigración III*, 1996, Edicións do Castro.
- *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba*, 1998, Edicións do Castro.
- *Crónicas galegas de América. Rolda primeira*, 1999, Edicións do Castro.
- *Crónicas galegas de América. Rolda segunda*, 2000, Edicións do Castro.
- *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, 2000, Edicións do Castro.
- *A cultura galega en Buenos Aires, 1950-1960*, 2001, Real Academia Galega.
- *Crónicas galegas de América. Rolda terceira*, 2002, Edicións do Castro.
- *Prosas varias*, 2004, Fundación Otero Pedrayo.
- *O sarillo do tempo*, 2004, Xerais.
- *Xentes e camiños*, 2005, Xerais.

- *Vinte anos retornando*, 2006, Xerais.
- *Arredor do mundo*, 2007, Xerais.
- *Neira Vilas, os anos da Arxentina: 1949-1961: textos recuperados*, 2008, Galaxia. Edición de Nora Longhini.
- *Actas do Congreso Manuel María. Literatura e Nación*, 2009, Fundación Manuel María.
- *Encontros con Laxeiro*, 2009, Ir Indo.
- *Lóstregos*, 2009, Xerais.
- *Presenza galega en Cuba*, 2010, Xerais.
- *Penúltimo dietario*, 2011, Xerais.
- *100 anos do Himno galego*, 2012, Edicións Embora.
- *Cancela aberta*, 2013, Xerais.

**Traducións**

- *Trinta e nove poemas*, de Nicolás Guillén, 1977, Edicións do Castro.
- *Xornal de prisión*, de Ho Chi Minh, 1978, Edicións do Castro.
- *A idade de ouro*, de José Martí, 1991, A Nosa Terra.
- *O Camiño de Santiago*, de Alejo Carpentier, 1993, Edicións do Castro.
- *Deprendendo a tirar soldado*, de Claudio Guillén, 1997.

**Obras con Anisia Miranda**

- *Cantarolas e contos prá xente miúda*, 1975, Akal.
- *Cantarolas*, 1995, Xerais.

**Outras obras colectivas**

- *II Festival da Poesía do Condado*, 1982, S. C. D. Condado.
- *IV Festival da Poesía no Condado*, 1984, S. C. D. Condado.
- *Luís Seoane, 1910-1979. Unha fotobiografía*, 1994, Xerais.
- *Desde mil novecentos trinta e seis: homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade*, 1995, Edicións do Castro.
- *Construír a paz*, 1996, Xerais.
- *Unha liña no ceo (58 narradores galegos 1979-1996)*, 1996, Xerais.
- *E dixo o corvo...*, 1997, Xunta de Galicia.
- *Manuel Ponte Pedreira: a resistencia antifranquista na*

*comarca de Ordes*, 1997, Obradoiro de História.

- *Novo do trinque*, 1997, BNG.
- *Poetas e narradores nas súas voces. I*, 2001, Consello da Cultura Galega.
- *Un futuro para a lingua*, 2002, Xunta de Galicia.
- *Carlos Casares: a semente aquecida da palabra*, 2003, Consello da Cultura Galega.
- *Narradio. 56 historias no ar*, 2003, Xerais.
- *Palabra por palabra. Contos da Policía*, 2003, Ir Indo.
- *Poemas pola memoria (1936-2006)*, 2006, Xunta de Galicia.
- *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, 2006, Difusora.
- *Cartas de vellos amigos (1959-1998)*, 2010, Galaxia. Edición de Dolores Vilavedra.
- *En defensa do Poleiro. A voz dos escritores galegos en Celanova*, 2010, Toxosoutos.
- *Correspondencia de Neira Vilas con Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro*, 2012, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- *Cartas e lembranzas. Epistolario con Francisco Fernández del Riego 1959-2007*, 2013, Galaxia.